



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E  
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra 'Vía Ártabra, Treito 1: N-VI-enlace de Meirás, e variante de Oleiros'

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se regulan os requisitos das empresas conservadoras de ascensores e se desenvolven conceptos relativos ao grao de ocupación das vivendas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto de creación do rexistro de instalacións interiores de subministración de auga de Galicia e autorización das empresas instaladoras
- Decreto polo que se nomea a Juan José Álvarez Carril como director do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se determina o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais de Galicia.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se establecen os criterios básicos para a autorización dos programas de prevención en drogodependencias e se constitúe o Comité Técnico de Prevención de Drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e os colexios profesionais dos avogados e procuradores de Galicia, para a cobertura sanitaria aos profesionais incluídos na quenda de oficio

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento de accións establecidas no convenio marco *Internet na aula*, asinado polo Ministerio de Educación e Ciencia, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a entidade pública empresarial RED.ES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Catoria, para a execución da obra 'Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento, saneamento e abastecemento en Coaxe, parroquia de Dimo. Catoira (Pontevedra)', por importe de trescentos cincuenta mil cento dous euros con noventa e cinco céntimos (350.102,95 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilaboa, para a execución da obra 'Mellora de abastecementos na comunidade autónoma. Rede de abastecemento de auga potable a Paredes. I fase. Vilaboa (Pontevedra)', por importe de seiscentos quince mil douscentos noventa e dous euros con noventa e un céntimos (615.292,91 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Laxe, para a execución da obra 'Mellora de abastecementos na comunidade autónoma. Mellora e ampliación da rede de abastecemento no concello de Laxe. Laxe (A Coruña)', por importe de seiscentos noventa e nove mil novecentos setenta e dous euros con corenta e oito céntimos (699.972,48 euros)



## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo a establecer, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego no ano 2008, anticipos superiores ao 10% e compromisos de carácter plurianual.

## **INFORMES**

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra 'Conexión entre a VRG-4.3 Cambados-Vilagarcía de Arousa e o acceso ao porto de Vilagarcía', por unha contía aproximada de novecentos noventa e nove mil catrocentos cincuenta euros (999.450 euros).



## **O GOBERNO GALEGO INICIA A VÍA ÁRTABRA DE ALTA CAPACIDADE, QUE VERTEBRARÁ A ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA**

- *O Consello da Xunta aprobou a declaración de utilidade pública e a urxente ocupación dos terreos necesarios para o primeiro treito, entre a N-VI e o enlace de Meirás, que inclúe a variante de Oleiros*
- *A actuación autorizada hoxe suma unha lonxitude total de 7,2 quilómetros nos que se investirán 52,4 millóns de euros*
- *A Consellería de Política Territorial investirá uns 140 millóns de euros en toda a nova infraestrutura dende o porto de Lorbé ata a autovía A-6, pasando por Oleiros, Iñás, N-VI, polígono de Cambre e autoestrada AP-9*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a construción do treito da Vía Ártabra entre a N-VI e o enlace de Meirás, incluída a variante de Oleiros. Este treito suma preto de 7,2 quilómetros e suporá un investimento de 52,4 millóns de euros, dos cales 9,2 millóns irán destinados ao pagamento das expropiacións dos 366 predios afectados nos termos municipais de Oleiros e Sada. En total, a CPTOPT investirá na Vía Ártabra uns 140 millóns de euros.

A declaración de utilidade pública deste treito supón o inicio do proceso expropiador e prodúcese logo de que a CPTOPT veña de aprobar o correspondente proxecto de trazado. Política Territorial tamén licitou xa a asistencia técnica necesaria para realizar as expropiacións que agora comezarán, o que permitiu gañar tempo e axilizar este proceso.

En concreto, o treito autorizado hoxe está formado polo tronco principal da Vía Ártabra entre a N-VI e Meirás, que ten unha lonxitude de 5,4 quilómetros, e pola variante de Oleiros, que ten preto de 1,8 quilómetros. No tronco principal, os primeiros 2,6 quilómetros dende a N-VI terán características de autovía, isto é, catro carrís de 3,5 metros repartidos en dúas calzadas separadas por unha mediana dun metro e por dúas beiravías interiores doutro metro de longo, ademais de dispor de beiravías exteriores de 2,5 metros. O resto do treito terá características de vía de alta capacidade, coa calzada protexida por un valado e óptimas condicións de seguridade para o tráfico.

Pola súa banda, a variante de Oleiros arranca da estrada Perillo-Oleiros (AC-174) á altura da Rabadeira, enlaza coas estradas Oleiros-O Carballo, Oleiros-Iñás e Oleiros-Soñeiro, e servirá para desviar o tráfico da vila e como novo acceso ao polígono industrial de Iñás.



A Vía Ártabra será unha vía de alta capacidade que permitirá artellar mellor as redes viarias dos concellos de Oleiros e Sada substituíndo ás actuais estradas secundarias e locais. Esta nova infraestrutura, que forma parte do Plan sectorial da rede viaria da área da Coruña, constitúe tamén unha peza clave para optimizar a funcionalidade da rede de vías de alta capacidade que articulan a cidade coa súa área de influencia, e estará conectada coa autoestrada AP-9, a autovía A-6 e a estrada N-VI, que se verán tamén complementadas coa terceira rolda. Permitirá, polo tanto, mellorar as comunicacións e a seguridade viaria nos concellos da área metropolitana da Coruña en que viven máis de 340.000 cidadáns.

Coa actuación aprobada hoxe ponse en marcha a maior parte da Vía Ártabra no treito que discorre polo concello de Oleiros e que tamén dará servizo ao concello de Sada a través dun enlace na Edreira. A CPTOPT xa ten redactado o proxecto de trazado do treito entre a N-VI, o polígono de Cambre, a autoestrada AP-9 e a autovía A-6, que está sendo supervisado polos técnicos da consellería. Este treito sairá a información pública no prazo dun mes.

## INNOVACIÓN E INDUSTRIA REGULARÁ E CONTROLARÁ AS EMPRESAS CONSERVADORAS DE ASCENSORES QUE OPEREN EN GALICIA

- *O Consello da Xunta aprobou o novo texto normativo, así como outro decreto da Consellería de Innovación e Industria polo que se crea o Rexistro de instalacións interiores de subministración de auga de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, por instancia da Consellería de Innovación e Industria, o Decreto mediante o cal se regularán os requisitos mínimos que deberían cumprir as empresas conservadoras de ascensores en Galicia. Mediante este decreto preténdese regulamentar a autorización e os medios mínimos necesarios para que as empresas conservadoras de ascensores poidan realizar a súa actividade en Galicia.

As empresas que desexen realizar a conservación e o mantemento de ascensores en Galicia terán que contar, segundo recolle este decreto, cunha persoa técnica titulada, enxeñeira superior ou técnica entre o seu cadro de persoal que será o responsable técnico da empresa; unha persoa operaria cualificada por cada setenta e cinco aparellos que manteñan no ano ou fracción, un mínimo de dous, cunha formación que sexa de formación profesional de grao medio ou superior nunha formación acorde coa actividade ou acreditar tres anos de experiencia no sector.

En canto a requisitos materiais as empresas terán que contar cun local cos sistemas de comunicación precisos para atender eficazmente os requirimentos para os que sexan demandados e unha póliza de responsabilidade civil que cubra en todo momento os danos ocasionados como consecuencia do desenvolvemento da actividade profesional mínima.

En canto a aquelas empresas que desexen realizar a súa actividade profesional nunha provincia distinta á que pediu autorización, deben contar cun cadro de persoal na provincia cun mínimo dunha persoa operaria cualificada por cada setenta e cinco aparellos que se manteñan no ano ou fracción e cun local cos medios necesarios para o correcto desenvolvemento do seu traballo.

Se algunha empresa de fóra de Galicia desexa realizar estas tarefas de mantemento no noso territorio, deberá acreditarse perante a delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria e cumprir os requisitos anteriormente expostos, tanto se desexa realizar a actividade na provincia en que o solicita ou nalgunha das outras.



Ademais, especifícase que deben dispor dun sistema de comunicación bidireccional aqueles aparellos que estean en edificios de ocupación diaria temporal (como son os das distintas administracións, destinados a oficinas, a actividades culturais ou recreativas, hospedaxe, establecementos sanitarios, congresos ou exposicións); os de ocupación estacional ou baixa ocupación; e os que teñan cinco niveis ou menos servidos polo ascensor ou que aínda tendo máis de cinco niveis servidos, o aparello dea servizo a menos de 10 vivendas habitadas de xeito habitual.

### **Instalacións interiores de subministración de auga**

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe o decreto polo que se creará o rexistro de instalacións interiores de subministración de auga no ámbito de Galicia. Ademais, este decreto tamén será o encargado de establecer os requisitos que deberán cumprir todas aquelas empresas que desexen realizar estas instalacións. O Rexistro de instalacións interiores de subministración de auga de Galicia será dependente organicamente da Consellería de Innovación e Industria.

As instalacións a que se refire o decreto deben ser inscritas neste citado rexistro antes da súa posta en servizo. As entidades abastecedoras de auga non poderán dar servizo a todas aquelas instalacións que previamente non cumprisen este requisito con anterioridade. Estas instalacións serán prestadas por empresas instaladoras autorizadas que deberán contar polo menos cunha persoa dotada co carné de instalador autorizado para realizar este labor.



## **APROBADO O DECRETO QUE DETERMINA O ÁMBITO DE APLICACIÓN DOS PLANS DE ORDENACIÓN DOS RECURSOS FORESTAIS PARA GALICIA**

- *A norma supón o inicio do proceso para elaborar os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais con documentos técnicos que faciliten unha xestión sustentable da superficie de monte e masas boscosas e a súa compatibilidade con outros usos do territorio*

O Consello da Xunta aprobou un decreto, elaborado pola Consellería do Medio Rural, que permitirá a realización de traballos silvícolas e a creación de plans forestais por distrito para facilitar a ordenación e valorización do monte de acordo co aproveitamento da estrutura actual de zonificación.

O obxectivo deste decreto consiste en determinar o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais para Galicia, coa delimitación dos territorios forestais que, en concreto, serán os 19 distritos forestais correspondentes.

A Lei de montes estatal establece que, con carácter previo á elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais, as comunidades autónomas definirán os territorios que teñen a consideración de monte e por proposta do seu órgano forestal delimitarán os territorios forestais que se deberán dotar do correspondente plan, cando as condicións de mercado dos produtos forestais, servizos e beneficios xerados polos montes que se estime conveniente sexan de especial relevancia socioeconómica neses territorios.

Así, este decreto da Consellería do Medio Rural enmárcase na actual política forestal que pretende a ordenación e valorización do monte e supón o inicio do proceso para elaborar os plans de ordenación dos recursos forestais con documentos técnicos que faciliten unha xestión sustentable da superficie de monte e masas boscosas e a súa compatibilidade con outros usos do territorio.

O ámbito de aplicación dos plans de ordenación realizarase de acordo coa seguinte zonificación por distritos forestais:

### **PROVINCIA DA CORUÑA**

#### **Distrito forestal I. Ferrol:**

- Demarcación do Eume: concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez.

-Demarcación de Ferrol: concellos de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.





Demarcación de Ortegal: concellos de Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira.

**Distrito forestal II. Bergantiños - Mariñas coruñesas:**

- Demarcación de Bergantiños: concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.
- Demarcación de Betanzos: concellos de Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Paderne, Vilasantar e Vilarmaior.
- Demarcación da Coruña: concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Laracha, Oleiros e Sada.

**Distrito forestal III. Santiago - Meseta interior:**

- Demarcación de Arzúa: concellos de Arzúa, Frades, Mesía, O Pino e Touro.
- Demarcación de Melide: concellos de Boimorto, Melide, Santiso, Sobrado e Toques.
- Demarcación de Ordes: concellos de Cerceda, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo e Val do Dubra.
- Demarcación de Santiago: concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, e Vedra.

**Distrito forestal IV. O Barbanza:**

- Demarcación do Barbanza: concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Ribeira.
- Demarcación de Noia - A Barcala: concellos da Baña, Negreira, Noia e Outes.
- Demarcación do Sar: concellos de Dodro, Lousame, Padrón, Rianxo e Rois.

**Distrito forestal V. Fisterra:**

- Demarcación de Fisterra: concellos de Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Muxía.
- Demarcación da Terra de Soneira: concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas.
- Demarcación do Xallas - Muros: concellos de Carnota, Mazaricos, Muros e Santa Comba.

**PROVINCIA DE LUGO**

**Distrito forestal VI. A Mariña lucense:**

- Demarcación da Mariña Central: concellos de Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e O Valadouro.
- Demarcación da Mariña Occidental: concellos de Cervo, Ourol, O Vicedo, Viveiro e Xove.
- Demarcación da Mariña Oriental: concellos de Barreiros, A Pontenova, Ribadeo e Trabada.

**Distrito forestal VII. A Fonsagrada - Os Ancares:**

- Demarcación dos Ancares 1: concellos de Baralla, Becerreá e Navia de Suarna.



-Demarcación dos Ancares 2: concellos de Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.

-Demarcación da Fonsagrada: concellos de Baleira, A Fonsagrada e Negueira de Muñiz.

#### **Distrito forestal VIII. Terra de Lemos:**

-Demarcación de Chantada: concellos de Carballedo, Chantada e Taboada.

-Demarcación de Quiroga: concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil.

-Demarcación de Monforte 1: concellos de Bóveda, Pantón e O Saviñao.

-Demarcación de Monforte 2: concellos de Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón e Sober.

#### **Distrito forestal IX. Lugo - Sarria:**

-Demarcación de Lugo 1: concellos de Friol, Lugo, Outeiro de Rei e Rábade.

-Demarcación de Lugo 2: concellos de Castroverde, O Corgo, Guntín, Láncara e O Páramo.

-Demarcación da Ulloa: concellos de Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei e Portomarín.

-Demarcación de Sarria: concellos do Incio, Paradela, Samos, Sarria e Triacastela.

#### **Distrito forestal X. Terra Cha:**

-Demarcación de Meira: concellos de Castro de Rei, Cospeito, Meira, A Pastoriza, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto.

- Demarcación de Vilalba 1: concellos de Begonte, Guitiriz e Xermade.

- Demarcación de Vilalba 2: concellos de Abadín, Muras e Vilalba.

### **PROVINCIA DE OURENSE**

#### **Distrito forestal XI. O Ribeiro - Arenteiro:**

- Demarcación do Carballiño 1: concellos do Carballiño, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea.

- Demarcación do Carballiño 2: concellos de Beariz, Boborás e O Irixo.

- Demarcación do Ribeiro: concellos da Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia.

#### **Distrito forestal XII. Miño - A Arnoia:**

- Demarcación de Allariz - Maceda: concellos de Allariz, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Maceda, Paderne de Allariz e Taboadela.

- Demarcación de Ourense: concellos de Amoeiro, Barbadás, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, Ourense, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Toén e Vilamarín.



- Demarcación da Terra de Celanova: concellos da Bola, Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Padrenda, Pontedevea, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá.

**Distrito forestal XIII. Valdeorras - Trives:**

- Demarcación da Terra de Caldelas: concellos de Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil e A Teixeira.

- Demarcación da Terra de Trives: concellos de Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río.

- Demarcación de Valdeorras 1: concellos do Barco de Valdeorras, O Bolo, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras.

- Demarcación de Valdeorras 2: concellos de Carballada de Valdeorras e A Veiga.

**Distrito forestal XIV. Verín - Viana:**

- Demarcación de Verín 1: concellos de Castrelo do Val e Laza.

- Demarcación de Verín 2: concellos de Cualedro, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós.

- Demarcación de Viana 1: concellos da Gudiña e A Mezquita.

- Demarcación de Viana 2: concellos de Riós, Viana do Bolo e Vilariño de Conso.

**Distrito forestal XV. A Limia:**

- Demarcación da Limia 1: concellos de Xinzo de Limia, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio e Vilar de Santos.

- Demarcación da Limia 2: concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira e Rairiz de Veiga.

- Demarcación da Baixa Limia 1: concellos de Bande, Lobios e Muíños.

- Demarcación da Baixa Limia 2: concellos de Entrimo e Lobeira.

**PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

**Distrito forestal XVI. Deza - Tabeirós:**

- Demarcación de Deza 1: concellos de Dozón, Lalín e Rodeiro.

- Demarcación de Deza 2: concellos de Agolada, Silleda e Vila de Cruces.

- Demarcación de Tabeirós: concellos de Cerdedo, A Estrada e Forcarei.

**Distrito forestal XVII. O Condado - A Paradanta:**

- Demarcación do Condado 1: concellos de Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearreas e Covelo.

- Demarcación do Condado 2: concellos de Arbo, As Neves e Salvaterra de Miño.

- Demarcación da Paradanta: concellos da Cañiza e Crecente.

**Distrito forestal XVIII. Vigo - Baixo Miño:**

- Demarcación do Baixo Miño: concellos da Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui.



- Demarcación de Vigo 1: concellos de Fornelos de Montes, Mos, Pazos de Borbén, Redondela e Soutomaior.
- Demarcación de Vigo 2: concellos de Baiona, Gondomar, Nigrán, O Porriño, Salceda de Caselas e Vigo.
  
- **Distrito forestal XIX. Caldas - O Salnés:**
  - Demarcación de Caldas - O Salnés: concellos de Barro, Caldas de Reis, Catoira, Cuntis, Pontecesures, Portas, Valga, A Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Poio, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
  - Demarcación do Morrazo: concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Pontevedra e Vilaboa.
  - Demarcación de Pontevedra: concellos de Campo Lameiro, Cotobade, A Lama, Pontecaldelas e Moraña.



## O SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE REGULA OS CRITERIOS BÁSICOS PARA A AUTORIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN E CONSTITÚE O COMITÉ TÉCNICO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS DE GALICIA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que establece os requisitos mínimos dos programas de prevención e o procedemento para a súa autorización*
- *O Comité Técnico de Prevención constituído será quen valore estes programas*
- *Esta norma procura promover a máxima eficiencia no investimento de recursos públicos destinados á prevención do abuso de drogas; orienta na toma de decisións e a planificación, presentación, desenvolvemento, e avaliación destes programas; e propón a creación de grupos técnicos de traballo nesta materia*
- *Para a autorización destes programas ou proxectos, abrírase un período de presentación de solicitudes, que se determinará anualmente a través da correspondente orde de convocatoria*
- *O Servizo Galego de Saúde case triplicou en dous anos os orzamentos destinados á prevención ao pasar dos 1,7 millóns que se investiran en 2005 aos 4,6 millóns previstos en 2008*
- *No ano 2007, desenvolvéronse 356 actuacións preventivas programadas*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se establecen os criterios básicos para a autorización de programas e actividades de prevención en drogodependencias, e mediante o que se constituíe o Comité Técnico de Prevención de Drogodependencias da Comunidade Autónoma. A través desta nova normativa, mellórase a calidade dos programas preventivos, ofertando aqueles con garantías de correcto funcionamento, e evitando malas prácticas nese eido. Este decreto establece o ámbito de aplicación, os requisitos mínimos dos programas e o procedemento de autorización.

No Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009 do Servizo Galego de Saúde, contéplase a aprobación dunha norma de autorización de programas de prevención das drogodependencias que sexa un instrumento para promover a máxima eficiencia no investimento de recursos públicos destinados á prevención do abuso de drogas; orientar a toma de decisións e a planificación, presentación, desenvolvemento, e avaliación destes programas; e propoñer a creación de grupos técnicos de traballo en materia de prevención de drogodependencias. O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta materializa este obxectivo.

Así, o Sistema Público de Saúde de Galicia autoriza programas e actividades preventivos no ámbito das drogodependencias que se vaian desenvolver en Galicia por parte das institucións ou entidades legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro de entidades colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas. Inclúense os programas de información, consello e divulgación dirixidos á cidadanía



sobre substancias que poidan xerar dependencia, as consecuencias do seu consumo e a súa incidencia no tocante á saúde; os programas de prevención de uso indebido das drogas; ou a formación en drogodependencias de profesionais de servizos sanitarios para o asesoramento e a orientación dos cidadáns.

Estes programas serán valorados polo Comité Técnico de Prevención de Drogodependencias, creado hoxe como órgano de natureza consultiva. Os programas acolleranse a unha serie de requisitos descritos neste decreto, e que teñen que ver coa definición, coherencia, e calidade deles. Para a autorización destes programas ou proxectos, abrirase un período de presentación de solicitudes, que se determinará anualmente a través da correspondente orde de convocatoria.

Este decreto entrará en vigor aos vinte días das súa publicación no Diario Oficial de Galicia. O Comité Técnico de Prevención de Drogodependencias da Comunidade Autónoma constituirase no prazo máximo de dous meses a partir da entrada en vigor do decreto.

### **Requisitos dos programas**

A baremación dos programas establecerase a través da definición do programa, que partirá o máis amplamente posible, da análise da situación; da descrición da poboación e dos obxectivos, da explicación das actividades e da metodoloxía; e do perfil dos recursos humanos, orzamento, e sistemas de avaliación pertinentes.

Xunto con isto, valorarase a coherencia interna do traballo, tendo en conta as relacións existentes entre a análise da situación e dos obxectivos; entre os obxectivos e actividades, e a metodoloxía; e entre a poboación, as actividades e a metodoloxía.

Ademais, inclúense criterios de calidade, posto que os programas deberán tratar referentes científicos suficientemente estendidos e contrastados, cunha dotación de recursos humanos e materias para que o programa sexa "realizable", e que conteña un mapa de factores de risco e protección ou detección de variables a modificar, posto que todos estes elementos imprímenlle unha maior calidade aos programas.

### **Comité Técnico creado para estes efectos**

Para exercer esta avaliación, e no marco deste decreto, constitúese o Comité Técnico de Prevención de Drogodependencias da Comunidade Autónoma, composto por 12 membros distribuídos entre a Administración, a rede de prevención de drogodependencias, as e os profesionais de prestixio neste campo, e un vogal en representación do departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de asuntos sociais. Está presidido polo subdirector xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, que na actualidade é Víctor Pedreira Crespo.



Este Comité asesorará en cuestións técnicas; valorará as solicitudes de autorización que se produzan; fomentará a autorización de novos programas e actividades; propondrá a modificación ou introdución de novos criterios de avaliación; e emitirá informes e propostas en materia de programas e actividades para a prevención.

### **Procedemento de autorización**

O prazo de presentación de solicitudes para a autorización de programas preventivos determinarase anualmente a través dunha convocatoria. Aberto este prazo, as institucións e entidades interesadas presentarán os programas ou actividades de prevención para os que pretenden a autorización. Examinada a documentación presentada, o Comité Técnico formulará o correspondente informe de outorgamento ou denegación da autorización, aplicando o baremo descrito no decreto.

O prazo máximo para resolver sobre o outorgamento ou denegación da autorización será de dous meses. A autorización outorgarase polo tempo que dure o desenvolvemento do programa de actividade de prevención, e de conformidade coa solicitude presentada. Os programas e actuacións preventivos autorizados pasarán a formar parte do Catálogo de Programas de Prevención, da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.

A Consellería de Sanidade case triplicou os orzamentos destinados á prevención en materia de drogodependencias, o que demostra a importancia que ten esta materia para o departamento. En concreto, neste ano, o investimento destinado a este punto de 4,6 millóns de euros, supón o 25 por cento do orzamento total que a Sanidade pública galega dedica a loitar contra as drogodependencias. Este investimento, no 2005, era de tan só 1,7 millóns, o 13 por cento. A intención do Servizo Galego de Saúde é que a cantidade destinada a prevención chegue a supor un terzo do orzamento total.

No pasado ano 2007 desenvolvéronse un total 356 actuacións preventivas programadas, das cales un 41 por cento realizáronse nos ámbito escolar. Destas 356 actuacións preventivas deriváronse máis de 1.000 actividades diferenciadas.



## OS AVOGADOS E PROCURADORES DE GALICIA INCLUÍDOS NA QUENDA DE OFICIO CONTARÁN CON COBERTURA DE ASISTENCIA SANITARIA A TRAVÉS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- *Con este acordo a Consellería de Presidencia pretende incentivar os profesionais a inscribirse nesta quenda e favorecer a asistencia xurídica gratuíta*
- *A prestación tamén cubrirá os membros da unidade familiar dos avogados e xuristas que dependan economicamente destes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade e os Colexios Profesionais de Avogados e Procuradores de Galicia para a prestación de asistencia sanitaria no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, aos avogados e procuradores mutualistas que, non tendo recoñecida a cobertura asistencial pública, estean incluídos na quenda de oficio no seu colexio profesional de pertenza. O convenio será efectivo desde a súa sinatura e terá un período de vixencia de cinco anos, que poderán prorrogarse por períodos anuais.

Considerando o carácter voluntario da quenda de oficio, con este acordo, a Consellería de Presidencia pretende incentivar os profesionais a inscribirse nesta quenda e favorecer a asistencia xurídica gratuíta. Tamén se busca garantir que estes avogados e procuradores teñan o nivel de calidade e de competencia profesional necesarios para exercer o dereito á defensa dun sector da poboación que non conta con recursos económicos suficientes.

Ao abeiro deste acordo, a Consellería de Sanidade -a través do Servizo Galego de Saúde- prestará asistencia sanitaria aos avogados e procuradores -e aos membros da súa unidade familiar que dependan economicamente deles- que cumpran os seguintes requisitos: estar colexiados como exercentes no colexio profesional respectivo, estar empadroados en calquera dos municipios galegos, ter condición de mutualistas sen a cobertura asistencial pública en concepto de titular e estar inscritos na quenda de oficio no correspondente colexio profesional.

Para os efectos da prestación de asistencia sanitaria, o colexio profesional certificará a condición de avogado ou procurador do interesado, a data de colexiación como exercente e a súa inscrición na quenda de oficio. Ademais, tamén se requirirá a tramitación previa da alta nesta prestación sanitaria. Para isto hai que presentar no centro de saúde correspondente a seguinte documentación: solicitude de número de filiación á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, certificado colexial, certificado de empadramento en calquera dos municipios galegos e unha relación dos membros da unidade familiar que dependan economicamente do avogado ou procurador





beneficiarios e que se acreditará mediante a copia compulsada do libro de familia ou certificado de convivencia.



## EDUCACIÓN E O MEC CONTRIBÚEN Á FORMACIÓN DO PROFESORADO NAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Administración educativa galega para o desenvolvemento das accións do convenio-marco *Internet na aula**
- *O Ministerio de Educación e Ciencia e a consellería achegan un total de 258.894 euros a esta acción*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento das accións establecidas no convenio-marco *Internet na aula*, asinado polos ministerios de Educación e Ciencia e de Industria, Turismo e Comercio e a entidade pública empresarial Red.es. A finalidade desta addenda é colaborar na formación do profesorado nas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

Para dar cumprimento a este obxectivo, a Administración educativa galega achegará 129.447 euros en 2008, e o Ministerio de Educación e Ciencia transferirá á consellería neste ano outros 129.447 euros. Así, en total, esta acción disporá dun investimento de 258.894 euros.

Dentro do programa *Internet na aula* inclúense unha serie de actuacións que teñen por obxectivo introducir a Sociedade da Información e do Coñecemento no ámbito educativo, contribuíndo así ao uso e aproveitamento das tecnoloxías da información e a comunicación.

En abril de 2005 asinouse un convenio-marco de colaboración entre os ministerios de Educación e Ciencia e de Industria, Turismo e Comercio e a entidade Red.es, no que se prevé a execución deste programa polo Ministerio de Educación e Ciencia, mediante accións destinadas ao fomento da elaboración, difusión e utilización de materiais didácticos dixitais para a comunidade educativa e a capacitación de docentes e asesores de formación do profesorado.

En decembro de 2005 asinouse o convenio bilateral de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación para o desenvolvemento destas actuacións. O obxectivo da addenda autorizada hoxe é executar, mediante fórmulas de colaboración, as accións contempladas no programa *Internet na aula* para o ano 2008, coa finalidade de deseñar, elaborar e difundir programas e contidos educativos destinados á formación permanente do profesorado



de educación infantil, primaria e secundaria, e contribuír así á integración da comunidade educativa na Sociedade da Información.

Estas actuacións terán como finalidade formar tecnolóxica, didáctica e metodoloxicamente aos profesionais de ensino, promovendo as actividades de experimentación e avaliación na aula, facilitando o incremento do uso pedagóxico das novas tecnoloxías e un mellor coñecemento da incidencia das TIC nos procesos educativos.



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 965.000 EUROS A OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NOS CONCELLOS PONTEVEDRESES DE CATOIRA E VILABOA**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará un total de 965.394 euros a obras de saneamento e abastecemento nos concellos pontevedreses de Catoira e Vilaboa. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a consellería e os respectivos concellos, para a execución de ambos proxectos.

### **Vilaboa**

No concello de Vilaboa, a Consellería de Medio Ambiente investirá 615.292 euros na primeira fase do abastecemento de auga a Paredes. O proxecto, que ten un prazo de execución de seis meses, contempla a instalación dunha rede de distribución, formada por tres colectores de polietileno de 200, 90 e 75 milímetros de diámetro, cun pequeno bombeo e un sistema de cloración á saída do depósito existente.

### **Catoira**

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente destinará 350.102 euros ás obras de saneamento e abastecemento no núcleo de Coaxe, na parroquia de Dimo, no concello pontevedrés de Catoira. O proxecto ten un prazo de execución de seis meses e consistirá na instalación, nun trazado de 2.998 metros, dun colector de 315 milímetros de diámetro e un tubo de 90 milímetros. A rede discorrerá polas marxes e foxos das estradas e camiños actuais.



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 700.000 EUROS NAS OBRAS DE MELLORA E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NO CONCELLO CORUÑÉS DE LAXE**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, investirá 699.972 euros na mellora e ampliación da rede de abastecemento no concello coruñés de Laxe. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Administración autonómica e local para executar este proxecto.

As obras serán financiadas na súa totalidade pola consellería, con cargo a dúas anualidades, a primeira en 2008, por importe de 500.000 euros; e a segunda en 2009, por 199.972 euros.

A mellora e ampliación da rede de abastecemento no Concello de Laxe ten un prazo de execución de oito meses. As obras incluírán o deseño dunha rede de abastecemento na vila de Laxe, mediante a instalación de novas válvulas reductoras en puntos estratéxicos da rede, así como a instalación de novas válvulas de corte.



## **TRABALLO INVESTIRÁ CASE 10 MILLÓNS DE EUROS NA POSTA EN MARCHA DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO**

- *O criterio lingüístico puntuará á hora de conceder axudas para o desenvolvemento de actividades de información e orientación*
- *As accións subvencionadas e promovidas polo consellería están dirixidas ás persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se procede á convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. A novidade desta convocatoria é que se establece o uso do galego como criterio de puntuación á hora de obter unha subvención.

Para a posta en marcha destas accións, o departamento que dirixe Ricardo Varela destinará preto de 10 millóns de euros ata o remate da lexislatura. Deste total, preto de 7 millóns (6.988.505) serán investidos ao longo deste ano e 2,6 millóns, en 2009.

Os beneficiarios destas axudas son as universidades públicas, as corporacións locais, as confederacións e asociacións empresariais e sindicais de Galicia, e as entidades especializadas en atención a determinados colectivos. Os beneficiarios das accións son todos os demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego (SPE).

Outros dos criterios que se establecen á hora de avaliar a adxudicación destas axudas son acreditar experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións, desenvolver de forma habitual e ordinaria tarefas de información e orientación profesional e laboral como actividade non lucrativa, así como outras medidas de carácter ocupacional complementarias para que os demandantes logren a súa inserción ou mellora da empregabilidade.

Nesta orde recóllense dous tipos de proxectos subvencionables: o programa de información profesional e o programa de orientación laboral e busca de emprego. Os centros colaboradores ou o Servizo Público de Emprego levarán a cabo accións, dentro de ambos programas, coa finalidade de proporcionar información a cada usuario, renovar ou modificar o currículo. Tamén procederán ao tratamento da demanda, é dicir, realizarán unha entrevista individual e personalizada, a comprobación e validez dos datos do usuario e introdución na base de datos do SPE.

Outro dos obxectivos destes programas é a captación de ofertas de traballo, polo que se porán en contacto co empregador, recollerán o perfil profesional das prazas



vacantes e remitirán a información á oficina de emprego correspondente para a tramitación da devandita oferta de emprego.

Tamén poderán desenvolverse accións colectivas dirixidas á adquisición das capacidades básicas que permitirán aos demandantes artellar itinerarios activos e eficaces na busca de emprego. Non obstante, estas accións deberán ser autorizadas previamente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo, que determinará a duración, o número de participantes de cada acción e a metodoloxía que se empregará.

As axudas que se promoven estarán destinadas a sufragar os gastos derivados das retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, de todos os traballadores que executen as accións de información, orientación e busca de emprego.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE UN MILLÓN DE EUROS EN OBRAS COMPLEMENTARIAS NA CONEXIÓN DO ACCESO AO PORTO DE VILAGARCÍA COA VÍA CAMBADOS-VILAGARCÍA**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu conta ao Consello da Xunta do gasto dun millón de euros para realizar obras complementarias na vía de conexión da nova estrada de acceso ao porto de Vilagarcía (en execución por parte do Ministerio de Fomento) coa vía Cambados-Vilagarcía.

A actuación de Política Territorial desenvólvese no punto concreto dunha das marxes da estrada que dá acceso ao matadoiro comarcal e nas proximidades da rotonda de Reza, e as obras teñen por obxecto o reforzo dos noiros nesa zona.

O gasto do que informou hoxe Política Territorial forma parte das dúas conexións (cara Vilagarcía e cara a AP-9) entre o ramal da Vía do Salnés Cambados-Vilagarcía e a estrada de acceso ao Porto que constrúe Fomento. Estas dúas conexións suman 1,5 quilómetros de enlaces e teñen un investimento de 5 millóns de euros.

As citadas conexións, xunto coas diversas vías de alta capacidade (Variante Norte de Vilagarcía, a conversión en autovía da Vía do Salnés, Autovía Vilagarcía-Pontevedra) que executa a CPTOPT e as que realiza o Goberno do Estado (nova estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía) completarán a rede viaria da comarca de Arousa e contribuirán a mellorar a mobilidade e a seguridade viaria na zona





## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O NOMEAMENTO DE JUAN JOSÉ ÁLVAREZ CARRIL COMO DIRECTOR DO INEGA**

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o nomeamento de Juan José Álvarez como director do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), por proposta da Consellería de Innovación e Industria, departamento autonómico de que depende o instituto.

Enxeñeiro técnico industrial pola Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial de Vigo, Juan José Álvarez Carril ocupaba ata agora o cargo de director do departamento de Enerxía e Planificación Enerxética do INEGA, función que viña desempeñando desde xaneiro de 2006. Desde 1987 Álvarez vén desenvolvendo a súa actividade profesional como enxeñeiro no estudo, redacción e posta en marcha de diferentes proxectos de aplicación de enerxías renovables e na elaboración de distintos plans e estudos de planificación enerxética.

Ao longo da súa traxectoria profesional desempeñou distintos cargos, entre outros, o de director técnico da empresa pública Gestión Energética de Galicia, S.A. (GESTENGA). De igual xeito foi tamén director técnico do Parque Eólico Experimental de Sotavento e representante da Comunidade Autónoma Galega na Comisión Asesora do Ministerio de Industria para a certificación enerxética dos edificios.

Na actualidade é membro dos consellos de administración do propio INEGA e de Sotavento Galicia, S.A., e dos padroados das Fundacións Sotavento Galicia, da Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo e da Axencia Enerxética Provincial da Coruña.